

Ref.: \CONVENIO\DE-COTA

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

- 1º) Que o 20 de decembro de 1982, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE COTÁ", pertencente á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Cotá, excepto os dos lugares de Coido e Pena, término municipal de Friol. Publicado o dito Acordo no Boletín Oficial da Provincia nº 49, do mércores 2 de marzo de 1983, non se presentou nin interpuxo recurso algún contra el, polo que é firme.
- 2º) Que o 29 do pasado mes de setembro a Xunta Rectora de dita Comunidade, conforme co acordado por esta na Asamblea Xeral celebrada o 14 de xuño do ano en curso, acordou á súa vez:
 - aprobar as bases dun convenio a suscribir coa Consellería de Medio Ambiente, que incluíse 85 hectáreas do monte en man común da súa pertenza e
 - autorizar ó seu Presidente para a sinatura do convenio.
- 3º) O convenio ten por obxecto a repoboación forestal dos terreos susceptibles dela, a conservación e tratamento selvícola das masas que se creen, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos fins anteriores.
- 4º) As superficies actuais do monte "DE COTA", do que se propón o convenio, son:
 - * superficie total..... 85 has.
 - * superficie rasa forestal... 83 has.
 - * superficie inforestal..... 2 has.
- 5º) O monte será repoboado con P. pinaster e P. radiata e frondosas nalgúns zonas con solo apto para elas, tal e como o desexa a comunidade propietaria.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.

Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características:

Nome do monte: "DE COTA"

Elenco: 2715065

Superficie: 85 has.

Pertenza: Comunidade de Cotá (excepto Coido e Pena)

Término municipal: Friol
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Interese sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 1998.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS

Asdo.- Plácido Baamonde López

Vº E PRACE

O DIRECTOR XERAL DE MONTES E M.A.N.

Asdo.- Tomás Fernández-Couto Juanas


ILMO. SR. SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de sinatura dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a comunidade de veciños da parroquia de Cotá (salvo os veciños dos lugares de Coido e Pena), propietaria do Monte Veciñal en Man Común "DE COTÁ", integrado pr 85 Has. e ubicado no termo municipal de Friol, e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago, 20 de novembro de 1998

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA




Asdo.: Mª José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

RESOLVO

Aproba-lo convenio do monte das seguintes características:

Nome do monte: "DE COTA"

Elenco: 2715065

Superficie: 85 has.

Pertenza: Comunidade de Cotá (excepto Coido e Pena)

Término municipal: Friol

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Interese sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 1998



Asdo.: Aboal García-Tuñón

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

C O N V E N I O

N.º	271	5065
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a 20 de NOVIEMBRE de mil novecientos noventa e OITO.

R E U N I D O S

Dunha banda, d. **CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ**, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, d. **FRANCISCO JAVIER BURGO VARELA** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"DE COTA"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, do 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

- a) A repoboación forestal dos terreos susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.
- b) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).
- c) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Cotá (agas os lugares de Coido e Pena), termo municipal de Friol**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"DE COTA".**

Termo municipal: **Friol**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Cotá (agas os lugares de Coido e Pena), termo municipal de Friol.**

Límites: PARCELA I.-

N.: N.- Monte da Comunidade de Ousá; L.-

L.- Monte "DE PENA", 2715032 e propiedades particulares;

S.- Propiedades particulares e

S.: O.- Propiedades particulares.

PARCELA II.-

L.: N.- Propiedades particulares;

L.- Propiedades particulares;

S.- Propiedades particulares e

O.: O.- Propiedades particulares.

Superficie: 85 (OITENTA E CINCO) Hás.

Estado forestal: 83 (OITENTA E TRES) Hás. rasas forestais e 2 (DUAS) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do solo: - - -

Sen vexetación arbórea: 85 (OITENTA E CINCO) Hás.

Servidumes: - - -

3ª.- O solo continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Cotá (agás os lugares de Coido e Pena), termo municipal de Friol

que achega ó convenio:

a) Os terreos descritos na cláusula segunda.

b) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

6ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, o trinta por cento, será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente a entidade propietaria do solo, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excédese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso á comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinados en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

7ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

8ª.- O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito por representantes autorizados de ámbalas dúas partes, figurando nel certificación do acordo da xunta de comunidade, co quorum regulamentario, no que se designe a persoa autorizada para efectos de sinatura do convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre éste que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscriteble no Rexistro da Propiedade.

9ª.- A duración deste convenio será por un período de **trinta e cinco** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente coa súa participación en beneficios que se consigna na cláusula sexta, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o solo e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do solo, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentos.

10ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do solo ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente se esta o precisar.

11ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será **P. pinaster, P. radiata e frondosas nos solos aptos para elas.**

12ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións derivadas do seu cumprimento que se susciten.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ en funcións de _____, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " DE COTÁ ", veciños da parroquia de Cotá (agás os lugares de Coído e Pena), concello de Friol - Rexistrados o 30-06-1998 co número 0631.

2.—Que, así mesmo, figura don FRANCISCO JAVIER BURGO VARELA, e don PRIMITIVO MÁRQUEZ MEILÁN, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~deixa~~ elixida o 14-06-1998

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 25 de setembro de 1998.



Don PRIMITIVO MÁRQUEZ MEILÁN, Secretario de Comunidade de Cotá, termo municipal de Friol.

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 14 de Xuño de 1.998 estando designado don FRANCISCO JAVIER BURGO VARELA, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Cotá (Friol)

a vintenove de Setembro de mil novecentos noventa e oito.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

PRESIDENTE

Asdo. : **Francisco Javier Burgo Varela.**

Asdo. : **Primitivo Márquez Meilán.**

Don Tomás Fernández-Couto Juanas., Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Asd.: **Francisco Javier Burgo Varela.**



Francisco Javier Burgo Varela.

Primitivo Marquez Meilán.

MANUEL Cruz Rodriguez.

José Manuel Cabado Pena.

En la parroquia de Cotá, término municipal de Friol, siendo las trece horas del día 29 de Septiembre de 1.998, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Cotá (excepto los lugares de Coido y Pena), cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la citada Comunidad, reunida en Asamblea General el 14 de Junio de 1.998, acuerdan a su vez:

1º.- Aprobar las Bases de un Convenio a suscribir con la Consellería de Medio Ambiente, que afecte al monte vecinal en mano común de su pertenencia, de las siguientes características:

Nombre: "DE COTA".

Superficie: 85 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

N.- Monte de la Comunidad de Ousá;

E.- Monte "DE PENA", 2715032 y propiedades particulares;

S.- Propiedades particulares y

O.- Propiedades particulares.

PARCELA II.-

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares;

S.- Propiedades particulares y

O.- Propiedades particulares.

2º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.